

Madrid, 19 de agosto de 2016

Á atención de:

Dirección Xeral de Españois no Exterior e de Asuntos Consulares e Migratorios

e, en concreto,

do Director Xeral

Os abaixo asinantes manifestan:

Os e as eurodeputadas asinantes queremos facerlle chegar ao Ministerio de Asuntos Exteriores a nosa preocupación pola situación de Dogan Güzel, cidadán español, ilustrador gráfico e colaborador do diario Özgür Gündem, que foi detido polas forzas policiais turcas. O arresto produciuse no marco da purga de medios de comunicación que está levando a cabo o presidente da República de Turquía, Recep Tayyip Erdoğan como parte do seu plan antigolpista. Özgür Gündem é un medio de comunicación dirixido aos kurdos que viven en Turquía. Unha vintena de colaboradores deste medio tamén foron encarcerados, entre eles xornalistas, fotógrafos e cámaras. Güzel tamén colaborou en medios de comunicación españois como 20 Minutos e Intermedia Producciones e foi galardoado co Premio ao Valor pola asociación estadounidense Cartoonist Rights, entre outros.

Turquía atópase entre os países que máis violacións contra a liberdade de expresión cometen. Segundo a asociación Reporteiros Sen Fronteiras, Turquía está no posto 151 de 180 na clasificación da liberdade de prensa precisamente porque viola de forma sistemática un dos piares fundacionais da Unión Europea, a expresión libre de ideas, opinións e noticias. A raíz do fallido golpe de Estado e das políticas represivas postas en marcha polo executivo turco, os dereitos humanos e a liberdade de expresión sufriron máis retrocesos, como denuncia Amnistía Internacional, destacando entre outras cousas que -a 25 de xullo- se tiñan ditado 42 ordes de detención contra xornalistas e había 6 xornalistas detidos. Tamén se tiñan bloqueado 20 sitios web de noticias, se revocaran as licenzas de 25 medios de comunicación e o período de detención sen comunicación pasou de 4 a 30 días.

A pesar de que onte foron liberados tanto Dogan Güzel como os seus compañeiros baixo a imputación de resistencia á autoridade, seguimos temendo pola súa integridade, xa que todos eles denunciaron agresións durante a detención. É por iso que queredamos preguntarlle ás autoridades españolas que xestións diplomáticas pretenden facer para que Dogan Güzel e demais cidadáns como el, que non cometeron delito algún máis que denunciar as violacións de dereitos humanos que se comenten contra o pobo kurdo, non volvan padecer detencións arbitrarias.

Así hacemos constar, e asinamos esta carta os Eurodeputados do Estado Español:

Miguel Urbán

Marina Albiol

Ernest Urtasun

Lola Sánchez

Josu Juaristi

Tania González

Xabier Benito

Estefanía Torres

Javier Couso

Paloma López

Ernest Maragall

Lidia Senra

Josep Maria Terricabras

Ángela Vallina

Jordi Sebastià